

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE CHAMA AOS CIDADÁNS A DOAR ANTE A PRIMEIRA PONTE FESTIVA DE DECEMBRO**

- **As unidades móbiles de ADOS visitarán a presente semana máis de 30 concellos galegos co obxectivo de garantir o axeitado abastecemento de compoñentes sanguíneos aos nosos hospitais**

**Santiago, luns 3 de decembro de 2018.-** A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) convida a todos os cidadáns a doar sangue nas xornadas previas á primeira ponte festiva do mes de decembro. ADOS salienta que, nestes momentos, precísase incrementar o volume de doazóns dos tipos A Positivo e Cero Positivo, xa que, no transcurso das últimas semanas, detectouse un aumento das necesidades destes grupos sanguíneos. Neste sentido, lembrar, ademais, a importancia da necesidade de incrementar nos vindeiros días o número de doazóns do grupo Cero Negativo, popularmente coñecido como doador universal.

Os períodos vacacionais e as pontes festivas precisan dun reforzo no chamamento á participación dos cidadáns xa que, nestes períodos, pode baixar o número de doazóns pero non sucede o mesmo coa demanda de compoñentes sanguíneos por parte dos centros hospitalarios. Neste sentido, lembrar que, todos os días do ano, precisamos entre 400 e 500 doazóns de sangue para garantir a axeitada de compoñentes sanguíneos aos nosos hospitais.

**Desprazamentos**

As dez unidades móbiles da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, visitarán ao longo da presente semana, máis de 30 concellos galegos para acadar a participación necesaria para garantir o desenvolvemento do intenso labor asistencial dos centros sanitarios galegos.

ADOS agarda, nesta oportunidade, contar de novo coa solidariedade e colaboración dos cidadáns e efectuará os seguintes desprazamentos:

DATA	CONCELLOS
Luns 3 de decembro	Moeche, Carballo, Santa Cristina (Oleiros), Sigüeiro (Oroso), Negreira, Lourenzá, Bº Mariñamansa (Ourense), Caldas de Reis, Moaña e Bº Teis (Vigo)
Martes 4 de decembro	Mugardos, Carballo, Praza Conchiñas (A Coruña), Pobra do Caramiñal, Parlamento de Galicia, Ribadeo, A Valenzá (Barbadás), A Guarda, Meis e Zona O Calvario (Vigo)
Mércores 5 de decembro	As Pontes, Betanzos, Zas (Baio), Ribeira, Olveira e Castiñeiras (Ribeira), Viveiro, O Carballiño, Cangas do Morrazo, Lalín e Zona O Calvario (Vigo)
Venres 7 de decembro	Praza de España (Ferrol), Cantón-Obelisco (A Coruña), Zas, Ribeira, Aguiño (Ribeira), Viveiro, Verín. Arbo, Lalín e Nigrán

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, tamén existe a posibilidade de doar sangue nos locais de doazón existentes nas sete grandes cidades galegas.

LUGAR	HORARIO
COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO (Santiago)	Luns a venres das 8.00 ás 22.00 horas Sábados das 8.00 ás 15.00 horas
COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA (A Coruña)	Luns a venres das 8.00 ás 22.00 horas Sábados das 8.00 ás 15.00 horas
HOSPITAL ARQUITECTO MARCIDE (Ferrol)	Luns e venres das 8.00 ás 22.00 horas Martes, mércores e xoves das 15.00 ás 22.00 horas
HOSPITAL LUCUS AUGUSTI (Lugo)	Luns e venres das 8.00 ás 22.00 horas Martes, mércores e xoves das 08.00 ás 15.00 horas
COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE (Ourense)	Luns de 8:00 ás 22:00 horas Martes, mércores e xoves das 8:00 ás 15:00 horas Venres das 15.00 ás 22.00 horas
HOSPITAL PROVINCIAL (Pontevedra)	Luns e venres das 08.00 ás 15.00 horas Martes, mércores e xoves das 15:00 ás 22:00 horas
HOSPITAL NICOLÁS PEÑA (Vigo)	Luns a venres das 8.00 ás 22.00 horas Sábados das 8.00 ás 15.00 horas

**Como colaborar**

Pode doar sangue calquera persoa de máis de 18 anos, que pese máis de 50 quilos e que non padeza nin teña padecido enfermidades transmisibles polo sangue. A doazón de sangue é un acto sinxelo que permite a moitas persoas solucionar o seu problema de saúde e, mesmo, salvar a súa vida.

Para máis información, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue dispón de páxinas nas principais redes sociais (Facebook e Twitter), unha páxina web: [ados.sergas.gal](http://ados.sergas.gal) e tamén é posible chamar ao teléfono gratuito de información para resolver calquera dúbida relacionada coa doazón de sangue ou coñecer a data dos desprazamentos das unidades móbiles: **900 100 828**

**SAÚDOS****GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE**